# 2009

# ANO CABANILLAS





Nevarada na Pastora, 1987.

# 2009 ANO CABANILLAS



Tristeiro, mudo, o paisaxe.
Hirta, doente friaxe
no aire reve.
En falerpas, silenzosa,
como folliñas de rosa
cai a neve...
(...)
Todo de branco se viste.
Todo dorme, frío, triste,
sin latexo.
No ceo calmo, tranquilo,
ni-un maino rumor, ni-un brilo,
ni-un refrexo.
Vive na alma o firente
choro íntimo, doente,
do salouco.
E as falerpas, revoando,
como en ondas, van baixando
pouco a pouco!
(...)

MENTRAS CAI A NEVE
"Vento Mareiro"

## xaneiro

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9<br>1944<br>Represéntase en Cambados a "Ofrenda das Fadas" | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15<br>1921<br>Publícase "A Man de Santiña" | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21<br>1907<br>Comeza a publicación do xornal "El Umia" | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

Crec. 4 Chea 11 Meng. 18 Nova 26

ANDEA
Asociación de ensinantes do Salnés
LIBRERIA RAMON CABANILLAS



Pardal macho

# 2009

## ANO CABANILLAS



(...)
No salgueiral os merlos asubían
        nun nouturnio doente.
        No aleiro do tellado
os caseiros pardales rechouchían
        queda, quediñamente...

(O pardal é un bo home, asosegado,
de vida san e concencia estreita,
que ó vir o día se ergue de contado,
que traballa, que come e que se deita
ó serán. O pardal é un home honrado)
(...)

O CASAL DE CATICOVAS
"Camiños no tempo"

### febreiro

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | |

Crec. 2    Chea 9    Meng. 16    Nova 25

AES ANDEA Asociación de ensinantes do Salnés
Librería Ramón Cabanillas



Flores de cerdeira

# 2009

## ANO CABANILLAS



(...)

Reza un merlo no souto
        frorido de cereixos
relixioso ofertorio
        d-uns místicos amores.
Pasa un vento de bicos
        que vai buscando beixos,
como enxame de abellas
        que vai buscando frores.
(...)

CAMPANA CHOCA
"No Desterro"

## marzo

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1<br>1915<br>Publícase "Vento Mareiro" |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8<br>1958<br>Homenaxe en Padrón coroado "Poeta da Raza" |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15<br>1927<br>Publícase "A Rosa de Cen Follas" |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23/30<br>1954<br>Publícase "Da Miña Zanfona" | 24/31 | 25 | 26<br>1955<br>Publícase "Versos de Alleas Terras e Tempos Idos" | 27 | 28 | 29 |

Crec. 4 Chea 11 Meng. 18 Nova 26



# 2009

## ANO CABANILLAS



(...)

Do ceo borrallento,
na saudosa paz da atardecida,
cai o choiva sin vento,
fío a fío, esvaída
nos erbeiros mimosos,
nos verdecraros, ledos milleirales,
nos solenes pinales vagorosos,
nos fiunchos miudiños dos veirales
de este val do Salnés, vella campía
onde a céltiga raza achou asento,

(...)

Pola mañán a luz e limpa e crara.
O pinal que se alonga na seara
verdelouro ás raiolas de levante
abanea fungando unha lelía.
¡Non hai pinga de ágoa que non brile e cante
        nin folla que non ría!
(...)

O CASAL DE CATICOVAS
"Camiños no tempo"

## abril

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 1919, A Coruña, Represéntase "A Man de Santiña" | 23 | 24 1927 Ingresa no Seminario de Estudos Galegos | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

Crec. 2 | Chea 9 | Meng. 17 | Nova 25

LIBRERIA RAMON CABANILLAS

ANDEA Asociación de ensinantes do Salnés



Laberca

# 2009

# ANO CABANILLAS



¡O Sol! ¡O Sol! ¡Qué ledo! ¡Qué doirado!
¡Está a rir e a bailar!
Vou espelir as azas de contado
e iréino saudar:
¡Ei! ¡Bo día, meu amo! ¡Seica ardemos...!
¡Di que non... que está ben...!
¡No... pois a cara non llo dá! ¡C-os demos!

¡Ben accesa que a ten!
¡Ai qué fresquiña a ágoa do regueiro!!
¡Cómo bule a brilar!
¡Dá ledicia meter n-ela o peteiro
e beber a fartar!
(...)

¡E toda esta alegría e esta fartura...
¡Todo! ¡Todo pra nós!
¡O centeo! ¡A ágoa dóce! ¡O sol locente!
¡Esto si que é vivir!
¡E todo para as labercas tan somente;
pra comer e pra rir!
(...)

FALA UNHA LABERCA...
"Da Terra Asoballada)

## maio

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17<br>1976<br>Adícaselle o<br>Día das Letras Galegas |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26<br>1929<br>Ingresa na<br>Real Academia Española | 27 | 28 | 29 | 30 | 31<br>1929<br>Estréase en Vigo<br>a ópera "O Mariscal". |

Crec. 1 y 31 Chea 9 Meng. 17 Nova 24



Ruínas de Santa Mariña-Cambados.

# 2009

## ANO CABANILLAS



Do vran nas tardes longas, coa merenda
nun cestiño de bimbias,
de vagar, paso a paso, baixo a sombra
do roxo parasol de miña tía.,
rubía á fresca, umbriza carballeira
que coroa un outeiro a par da vila,
onde se ergue, feituca como un ovo,
da Virxe da Pastora a branca ermida.
(...)
Follas que beilan, ágoas que rexouban,
fiunchos que en recendos se desfían,
sendeiros de antre millos e parrales,
ventiño latexante de cantigas,
valos vellos, silveiras con amorias,
auriolos e merlos que asubían,
edras de ouro nas pedras seculares
de altares en ruiñas,
colunas en derrumbo, arcos ó aire
e maltreitas oxivas
do noso saudoso camposanto
un día eirexa nai: ¡Santa Mariña!
(...)

AS TARDES NA PASTORA
"Poesías ventureiras"

## xuño/San Xoán

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3<br>1876<br>Nace en Cambados | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |

Chea 7 | Meng. 15 | Nova 22 | Crec. 29

ANDEA
Asociación de ensinantes do Salnés
LIBRERIA RAMON CABANILLAS



# 2009

## ANO CABANILLAS



Sol de vran. O mar de Arousa,
de praia a praia tendido,
canso de loitar, repousa.
Ceo azuado e senlleiro.
Limpóu de néboa a Curota
o maino vento mareiro.
Alá, na boca da ría,
dende a solana da costa
o con de Noro vixía.
(...)

A CALZADA DE CAMBADOS
"Da Terra Asoballada"

## xullo/Santiago

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 1960, Cambados Inaugúrase o monumento na Calzada | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 1917 Publícase "Da Terra Asoballada" | 26 |
| 27 | 28 1988, Cambados Inaugúrase a Casa-Museo | 29 | 30 | 31 | | |

Chea 7 · Meng. 15 · Nova 22 · Crec. 28

Asociación de ensinantes do Salnés
Librería Ramon Cabanillas



# 2009

# ANO CABANILLAS



Para ceibarme de morrer, chuchada
d-un amor que me éncheu de penas fondas,
no mar costeiro e bravo da Lanzada
tomei â media noite, as nove ondas.
(...)
Limpa estou de feitizo e de meigallo.
Quedéi rexa e varil como un carballo,
san como un buxo, dura como un seixo.
(...)

VIAXE PERDIDO
"Da Terra Asoballada"

## agosto

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12<br>1967<br>Traslado dos restos<br>ao Panteón de Galegos Ilustres | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24/31<br>1920: ingresa na<br>Real Academia Galega.<br>1926: publicáse "O Mariscal" | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

Chea 6 Meng. 13 Nova 20 Crec. 27

ANDEA Asociación de ensinantes do Salnés
LIBRERIA RAMON CABANILLAS



# 2009

## ANO CABANILLAS



Salnés antergo e saudoso, terra sagra e petrucial
farta de séculos, chea de amor e dolor de nai.

Unha ermida cada castro, cada valgada un pinal,
cada camiño un cruceiro, cada recuncho un fogar.

Erveiros e milleirales e viñas na terra chá;
o sol ó cair nas ágoas deixóu o ceo a sangrar.

O Umia, canso, deitóuse nas xunqueiras de Sisán;
o pai Castrove, na estrema, pon os ollos alén mar.

No carro vén a tinalla, cheíña a non poder máis;
detrás, as vendimadoras, a rir, collidas das mans.

O carro ven derradeiro, chirra que te chirrarás,
e por riba do rinchido rompe unha moza a cantar:

> Lévame no carro, leva,
> carreteiriño das uvas;
> lévame no carro, leva,
> comerei das máis maduras.

VENDIMA EN SALNÉS
"Poesías Ventureiras"

## setembro

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 11 | 10 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

Chea 4 · Meng. 12 · Nova 18 · Crec. 26

ANDEA Asociación de ensinantes do Salnés

LIBRERIA RAMON CABANILLAS



Río Barosa. Barro.

# 2009

## ANO CABANILLAS



Sol d-outono no mar calmo fungue o lume;
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muíño;
e arrecende dos fiúnchos o cheirume...

TARDE BAIXA
"No Desterro"

Muiñeira da Revolta,
da Revolta revoltada,
fóichese a risa dos beizos
fóichese o brilo da cara.
(...)
A tolba chea non treme,
o tarabelo non baila,
o rodicio non se move,
a moa dorme calada,
silandeiro está o muíño
como unha casa queimada...
A ágoa vaise perdida
¡ai! como a túa mirada.
¡Espílete, muiñeira
da Revolta revoltada!
(...)

MUIÑEIRA DA REVOLTA
"Poesías ventureiras"

## outubro/outono

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12<br>1949<br>Publícase<br>"Camiños no tempo" | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

Chea 4 · Meng. 11 · Nova 18 · Crec. 26

ANDEA
Asociación de ensinantes do Salnés
LIBRERIA RAMON CABANILLAS



# 2009

## ANO CABANILLAS



Son os días de outono.

Son os días
en que caien desfeitas, sin arume,
as derradeiras rosas.
(...)
Ou impiedá do vento polo outono!
Chega o refacho e o carballo envolve;
tronza e esgasa as ponlas; as folliñas
que se queixan mimosas arrincando,
xoga con elas un istante; lévaas
ó longo do camiño; contra un valo
váinas xuntando, pouco a pouco en feixes;
destrénzase de pronto en remuíños,
ergue o montón, encarrexado brúa
e, baténdoas con rabia tola, guíndaas
nas rodeiras dos carros, antre a lama,
nas cunetas de fondos enlixados
ou nas revoltas ágoas dunha aberta...
(...)

A TRAXEDIA DAS FOLLAS
“Vento Mareiro”

## novembro/Santos

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9<br>1959<br>morre en Cambados | 10<br>1910, Cuba: Publica “Lonxe” na Revista Suevia.<br>1958: publícase “Samos” | 11 | 12<br>1959, Bos Aires<br>Publícase a “Obra Completa” | 13 | 14<br>1916<br>Comeza a publicar traballos en A Nosa Terra | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23/30 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

Chea 2 Meng. 9 Nova 16 Crec. 24

ANDEA Asociación de ensinantes do Salnés
Libreria Ramon Cabanillas



# 2009

# ANO CABANILLAS



¡Ágoa homilde, ágoa irmán,
ágoa chea de gracia, de dozura e beleza!
¡Ágoa maina, ágoa san,
que eres toda limpeza,
caridade e saúde
e fartura de pan,
que eres toda virtude
contra o aire de sapo, o ferrón do alacrán,
a pezoña da cobra e a dentada do can!
(...)
Nas adoas do orballo de locente feitizo,
nos pelouros saltóns do pedrizo,
nos cristás da xiada,
no milagre da choiva,
na folerpa da neve, bordada
como encaixe de noiva,
na folerpa da neve, tecida
como velo de freira,
barbullada nas fontes da vida,
lanzal mensaxeira
das outras rexións,
a ágoa homilde, mainiña, rideira,
chega sempre mandada de Dios!
(...)

AGOIÑA MILAGREIRA
"No Desterro"

## decembro/Nadal

| luns | martes | mércores | xoves | venres | sábado | domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

Chea 2 e 31 Meng. 9 Nova 16 Crec. 24

# Biografía





**RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ naceu o 3 de xuño de 1876 en Fefiñáns. Cambados.**

**Aprendeu as primeiras letras na escola do Convento.**

**Entre 1887 e 1889 recibíu clases de latín do abade de Corvillón, Don Manuel Albán, para preparar o ingreso no Seminario.**

**Entre 1889 e 1893 estudou no Seminario de Santiago e escribíu as primeiras obras ("El Naúfrago").**

**Abandonou o Seminario e traballou en distintas ocupacións administrativas (axudante de notaría, funcionario municipal).**

**En 1899 casou con Eudosia Álvarez.**

**En 1907 fundou o xornal "El Umia" xunto cos seus amigos J. González Fraga e Antonio Magariños.**
**En 1910 colaborou no periódico "El Cometa" do que só saíron nove números.**

**En setembro de 1910 marchou a Cuba, onde traballou como contable de comercio e administrador do Teatro Nacional que rexentaba o Centro Galego. Alí entra en contacto con, Roberto Blanco Torres, Basilio Álvarez, Fontenla Leal... e publica os primeiros libros de poemas.**

**En 1915 retornou a Cambados.**

**En 1920 ingresou na Real Academia Galega.**
**Por estes anos comeza a traballar no Concello de Mos e fai amizade con Henrique Peinador, propietario do Balneario de Mondariz, que será o seu protector.**

**En 1929 ingresou na Real Academia Española .**

**Nos anos da Guerra Civil (1936-39) viveu en Madrid, Valencia e Cambados.**

**A partir de 1940 traballou nos concellos de Silleda, Noia, Meaño, Meis, Dozón e Moaña.**

**En 1958 recibíu unha homenaxe en Padrón, onde foi coroado Poeta Nacional Galego.**

**Finou en Cambados o 9 de novembro de 1959 e foi soterrado no cemiterio de Fefiñáns.**

**Hoxe os seus restos repousan no Panteón de Galegos ilustres da igrexa de San Domingos de Bonaval de Santiago de Compostela.**

**En 1976, centenario do seu nacemento, adicouselle o DÍA DAS LETRAS GALEGAS.**



































# Obra

**1913: "No Desterro" . La Habana.**

**1915: "Vento Mareiro" . La Habana.**

**1917: "Da terra asoballada". Vilagarcía de Arousa.**

**1920: "A saudade nos poetas galegos". A Coruña. Discurso de ingreso na Academia Galega.**

**1921: "Vento Mareiro". Madrid.**

**1921: "A man da Santiña. Farsada en dous pasos". Balneario de Mondariz. Estreouse no Conservatorio Nacional de Arte Galego da Coruña.**

**1922: "O Cabaleiro do Santo Grial". Pontevedra.**

**1922: edita a Revista "As Roladas". Madrid.**

**1925: "O bendito San Amaro". Mondariz-Balneario.**

**1926: "No Desterro". A Coruña.**

**1926: "Da terra asoballada". A Coruña.**

**1926: "O Mariscal". Traxedia histórica en verso". Ed. Lar.**

**1926: "Na noite estrelecida". Mondariz-Balneario.**

**1927: "A rosa de cen follas (Breviario de un amor)". Mondariz-Balneario.**

**1929: "O Mariscal", ópera. Estreouse no teatro Tamberlick de Vigo con música de Eduardo Rodríguez Losada e escenografía de Camilo Díaz Baliño.**

**1929: "Eduardo Pondal", discurso de ingreso na RAE. Mondariz Balneario.**

**1949: "Camiños no tempo", Santiago,.**

**1951: "Antífona da cantiga". Galaxia. Vigo.**

**1954: "Da miña zanfona", Lugo.**

**1955: "Versos de alleas terras e de tempos idos" (Paráfrase galegas)", Santiago.**

**1956: "Macias o namorado", Vigo,. "Poema escénico en prosa e verso" en colaboración con Antonio de Lorenzo. Música de I.B. Maíztegui.**

**1958: "Samos", Vigo.**

**1959: "Obra Completa". Ediciones Galicia del Centro Gallego de Bos Aires.**

**1979-1981: "Obra Completa": Akal editor. Edición de Xesús Alonso Montero en tres tomos: I e II poesía, e III teatro, prosa e varios.**
























UNHA GRANDE CHEA

MAIS VINO

AES ANDEA

Asociación de ensinantes do Salnés

LIBRERIA

RAMON CABANILLAS

Rúa Hospital, 40